



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

## **DETERMINACIÓN DE ESPAZOS DE MAIOR AFLUENCIA TURÍSTICA A EFECTOS DAS SUBVENCIÓNS CONVOCADAS POLO CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA EN MATERIA DE UNIFORMIDADE DAS TERRAZAS.**

### **PROPOSTA**

O Consorcio de Turismo Ribeira Sacra aprobou unha “convocatoria para a concesión de subvencións en materia de uniformidade das terrazas do destino turístico Ribeira Sacra, ano 2015” (ver anuncio no BOP de Lugo do 21 de setembro de 2015), que entre os requisitos que esixe a quen as soliciten están dous de decisión de cada Concello integrante do Consorcio: licenza municipal e estar nalgún dos espazos considerados de importancia turística.

Respecto á licenza, correspóndelle outorgala á Xunta de Goberno Local; respecto ao espazo de importancia turística –sen prexuízo de que puidese integrarse nunha ordenanza municipal a elaborar-, a efectos de que os posibles beneficiarios da subvención poidan acollerse á presente convocatoria, propónse que a Comisión informativa correspondente ditamine e o Pleno adopte o seguinte ACORDO:

Determinar no Concello de Chantada como ESPAZOS DE MAIOR AFLUENCIA TURÍSTICA a efectos das subvencións convocadas polo Consorcio de Turismo Ribeira Sacra en materia de uniformidade das terrazas, os seguintes:

CASCO ANTIGO.

PRAZA DE SANTA ANA.

ALAMEDA DE XAVIER COSTA CLAVELL.

ZONA DE BELESAR.

Chantada, 30 de outubro de 2015

O Alcalde,

Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.



Exercicio Período	DNI/NIF	Obrigado Tributario	Domicilio Fiscal	Débeda Pendiente	Finaliz. P. Vol.
2007-5º b	2878369B	Díaz Sarmiento,Elías Fernando	Praza Maior,76 Guadalix de la Sierra Madrid	2,53	20/09/2011
2007-5º b	33826585W	Fernández Flores, José Luis	Avda da Iglesia,9 1º Muimenta Cospeito Lugo	169,09	20/09/2011
2007-5º b	33664435W	Franco Hermida,Alfredo	Avda Villalba, 58 Muimenta Cospeito Lugo	33,62	20/09/2011
2007-5º b	33721321D	Fernández López, Graciano	Lugar Bogaloso,5 Bexán Cospeito Lugo	4,22	20/09/2011
2007-5º b	72532997J	Fernández Rodríguez,Jesús	Rúa Rosalía de Castro,19 Feira do Monte Cospeito Lugo	2,53	20/09/2011
2007-5º b	76533085X	García Díaz,Francisco	Lugar A Traba,1 Muimenta Cospeito Lugo	13,30	20/09/2011
2007-5º b	33609835G	García Lorenzo,Jesús María	Avda Castro Riberas de Lea,10 Cospeito Lugo	2,53	20/09/2011
2007-5º b	33659664S	García Varela,José	Avda Villalba, 45 1º D Muimenta Cospeito Lugo	3,47	20/09/2011
2007-5º b	E27285568	Garibeyma C.B.	Rúa Justo Barreiro,7 2º D Ribadeo Lugo	33,62	20/09/2011
2007-5º b	33609426D	Iglesias Folgueira, Ángel	Lugar Cima de Vila,12 Muimenta Cospeito Lugo	12,74	20/09/2011
2007-5º b	35884414K	Lamas Castro,Juan	Avda Terra Chá,62 1º Feira do Monte Cospeito Lugo	14,33	20/09/2011
2007-5º b	33745051A	Lamas Fernández,Santiago	Avda Terra Chá,4 Feira do Monte Cospeito Lugo	3,12	20/09/2011
2007-5º b	33610277D	López Fernández,Manuel	Rúa da Feira, 7 27377 Feira do Monte Cospeito Lugo	2,53	20/09/2011
2007-5º b	33538270S	López Paz,Manuel	Praza Maior Muimenta,13 B Cospeito Lugo	13,12	20/09/2011
2007-5º b	33797786E	Pérez Cabado, José Luis	Avda Terra Chá,369 Baixo Feira do Monte Cospeito Lugo	34,49	20/09/2011
2007-5º b	B27167188	Pollán e Hijos S.L.	Rúa Ramón Ferreiro,7 Muimenta Cospeito Lugo	52,42	20/09/2011
2007-5º b	33614727C	Prieto Prado,Pedro	Avda Terra Chá,56 Feira do Monte Cospeito Lugo	29,59	20/09/2011
2007-5º b	33847989Q	Quintela García, Mª Josefa	Trva Avda Santa Marina,8 Muimenta Lugo	16,41	20/09/2011
2007-5º b	E27298462	Rielo y Ferreiro C.B.	Avda Villalba Muimenta Cospeito Lugo	36,39	20/09/2011
2007-5º b	33609459L	Rodríguez Morán, Ramón	Avda Villalba,33 1º Muimenta Cospeito Lugo	13,98	20/09/2011
2007-5º b	B27221654	Vertercampo S.L.	Rúa Galicia,26 1º Iqda Melide A Coruña	29,76	20/09/2011
2007-5º b	76527536G	Vispalia Seoane, Felisa	Praza Maior,15 Feira do Monte Cospeito Lugo	12,77	20/09/2011
2007-5º b	33612233X	Yáñez Gasalla, José Antonio	Lugar Veiga do Pumar Momán Cospeito Lugo	4,22	20/09/2011

En Cospeito a 10 de setembro de 2015.- O Tesoureiro Municipal, Fernando V. Abraldes Rois

R. 3510

## CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA

### Anuncio

#### CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE UNIFORMIDADE DAS TERRAZAS DO DESTINO TURÍSTICO RIBEIRA SACRA, ANO 2015.

##### 1. Bases Reguladoras

As bases reguladoras da concesión destas subvencións están contidas na proposta de ordenanza específica para a concesión de subvencións en materia de UNIFORMIDADE DAS TERRAZAS DO DESTINO TURÍSTICO RIBEIRA SACRA, aprobada con data 06 de agosto de 2015, e que se enviou ós respectivos concellos integrantes do Consorcio, para que a incorporaran ou modificaran os seus textos normativos.

##### 2. Créditos Orzamentarios

Os créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención son os seguintes: 100.000 euros (CEN MIL EUROS); a contía total máxima das subvencións convocadas é de idéntica cantidade.

##### 3. Obxecto, Condicións e Finalidade da Subvención

A subvención ten por finalidade a UNIFORMIDADE DAS TERRAZAS DO DESTINO TURÍSTICO RIBEIRA SACRA; homoxeneizar as terrazas dos locais de negocios adicados á hostalería co gallo de mellorar a paisaxe urbana e

rural do espazo xeográfico que abrangue, incidindo nas zonas de maior afluencia turística.

### 3.1.- Feitos e gastos subvencionables.

Con carácter xeral e, de acordo co establecido no artigo 29º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionable.

Unicamente poderán recibir subvención aqueles proxectos que se executen unha vez confirmada polo Consorcio Ribeira Sacra a súa elixibilidade. Os solicitantes recibirán comunicación escrita en que conste que o proxecto cumpre inicialmente as condicións de subvencionabilidade suxeita ao resultado final da súa xustificación e verificación detallada, sempre que a solicitude se presentase conforme ao establecido nesta orde. Os proxectos que non cumpran estes requisitos non serán obxecto de axuda posto que as actuacións subvencionables teñen que ser realizadas e pagadas no período comprendido dende esta notificación ata a data límite de xustificación establecida no punto 10 destas bases.

Por esta liña de subvención concederanse axudas a fondo perdido para:

#### 1.- Mesas e cadeiras

Con carácter xeral as mesas e cadeiras deberán reunir unhas características que se entendan axeitadas para a súa función, de forma que todas elas sexan amontoables, de material resistente, de doada limpeza e de boa calidade. Tamén serán do material menos ruidoso posible. Deberán harmonizar entre si en cromatismo, material e deseño, axustándose ás seguintes características:

- a) Serán de material resistente, de doada limpeza e boa calidade.
- b) Non se permitirá que o mobiliario sexa integramente de material de plástico.
- c) Non poderán levar publicidade
- d) Os materiais de mesas e cadeiras poderán ser a madeira, o tecnopolímero, o rattan sintético, a resina ou vimbio preferentemente, combinados se cabe con aluminio, polipropileno ou fibra de vidro (Ver algún exemplos en ANEXO).
- e) Os tonos preferentes para as cadeiras serán o negro e a cor madeira, burdeos ou verde escuro. No caso das tapas das mesas serán o marfil, o gris ou a cor madeira (a xogo coas cadeiras). (Ver algún exemplos en ANEXO).
- f) As cadeiras non poderán ser do tipo pregables, salvo que sexan de material de madeira.
- g) As mesas e cadeiras solicitaranse por módulos.

#### Módulos de mesas e cadeiras

O módulo tipo obxecto destas axudas está constituído por unha mesa e catro cadeiras enfrontadas dúas a dúas Considerarase unha superficie de ocupación teórica por cada terraza de 1,60 x 1,60 metros. Autorizaranse tamén os seguintes módulos:

- a) Unha mesa e dúas cadeiras de 1,60 x 0,80 metros, que pode, reducirse a 1,60 x 0,60 cando a estreiteira do espazo ou aconselle sempre que se deixe libre ou paso mínimo para peóns de 1,20 metros.
- b) Un módulo de 1,20 x 1,80 cunha mesa rectangular e catro cadeiras, con dous cadeiras a cada lado longo dá mesa.
- c) Unha mesa alta con catro banquetas, de 1,20 x 1,20 metros cadrados. Poderá substituírse a mesa alta por un barril tradicional de madeira e aros de forxa.
- d) Unha mesa alta con dous banquetas, de 1,20 x 0,60. 4.

#### 2.- Parasoles, sombrillas e toldos enrolables a fachada.

Serán de material **téxtil, liso e dunha soa cor**, debendo usarse preferentemente a tonalidade burdeos de xeito unicromático.

Terán mástil central ou lateral de aluminio, pintado en cor gris ou negra, ou de madeira a xogo co mobiliario e das mesmas características (altura e forma) que as terrazas contiguas de ser o caso.

Poderá financiarse un máximo dunha sombrilla por módulo.

#### 3.- Celosías e biombos

Baixo esta liña de axudas, o espazo destinado á ocupación de terraza, poderá ser delimitado por medio de celosías caladas e/ou biombos ou proteccións perimetrais de material transparente ou cor madeira. Poderase instalar moqueta en cor verde ou tarima cor madeira co ánimo de protexer o chan ocupado, sempre e cando fose solicitado, e autorizado polo Concello, debendo manter diariamente as condicións de hixiene e ornato - estes. No caso de biombos ou proteccións perimetrais de material transparente deberán cumprir a normativa sectorial vixente.

#### 4.- Rótulos comerciais

Tamén se subvencionarán rótulos comerciais exteriores par os establecementos nos termos que recomendé a Comisión de Valoración ou técnicos do Consorcio de Turismo.

#### 5.- Outros elementos

Poderán financiarse papeleiras, xardineries, macetas ou outros elementos ornamentais en consonancia co mobiliario escollido.

Financiaranse cubre-contenderores e pequenas obras ou estruturas para cubrir bombonas ou elementos similares en lugares visibles no acceso aos establecementos e ás súas terrazas. Serán acordes ao mobiliario e en consonancia coa realidade arquitectónica do entorno.

Os beneficiarios deberán ter en conta que o Concello poderá esixir por ordenanza municipal que o mobiliario se axuste a determinadas características estéticas e de uniformidade entre os diversos establecementos, en consonancia coa realidade arquitectónica do ámbito.

Por último, financiarase a placa de publicidade a colocar na fachada do establecemento tal e como se recolle no punto 14 destas bases.

#### 3.2.- Particularidades sobre gastos obxecto da subvención

No caso destas subvención non se inclúe o IVE.

Tampouco se financiarán gastos de bens de segunda man, financeiros, recargos, multas, ...

Os locais nos que se fagan actuacións subvencionadas baixo estas bases deberán manter o seu uso empresarial durante un tempo mínimo de 5 anos dende a aceptación da xustificación do investimento.

Todos os documentos que recollan gastos subvencionados -facturas, recibos, taxas, ...- e os seus pagamentos serán de data 2015 e sempre anteriores ao 10 de decembro.

Cando algún dos investimentos sexa igual ou superior aos 18.000 euros (sen IVE), o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación. A elección entre as ofertas presentadas deberán achegarse na solicitude da subvención e realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa.

#### 3.3.-Importe da axuda

Subvencionarase os gastos das terrazas nas seguintes porcentaxes:

- ✓ 70% para mesas e cadeiras
- ✓ 70% para parasoles, sombrillas e toldos
- ✓ 40% de celosías e biombos
- ✓ 50% rótulos
- ✓ 30% outros elementos

O importe da subvención non poderá superar o 70% do orzamento da inversión, cun máximo de 3.000 euros por local/beneficiario.

#### 4. Requisitos dos Solicitantes

Poden solicitar esta axuda os titulares ou arrendatarios de locais de negocios rexentados por persoa física ou xurídica que instalen terrazas coa correspondente licenza municipal (de estar regulada esa instalación) e que desenvolvan as súas actividades de hostalería (café, bar, restaurante, pizzería, pub, ...) nalgún dos espazos considerados de importancia turística en calquera dos 21 concellos que integran o Consorcio de Turismo (na provincia de Ourense: A Peroxa, A Teixeira, Castro Caldelas, Esgos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Parada de Sil e Xunqueira de Espadañedo; na provincia de Lugo: A Pobra do Brollón, Bóveda, Carballedo, Chantada, Monforte de Lemos, O Saviñao, Pantón, Paradela, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, Sober e Taboada). Os espazos de maior afluencia turística serán determinados por cada Concello, e incorporados a ordenanza reguladora segundo acordo plenario de data 06 de agosto de 2015. Os interesados terán que facer consulta ao respecto nas dependencias municipais e solicitar informe que o acredite como local ubicado en punto de afluencia turística.

Non poderán solicitar estas axudas:

- As empresas/negocios previstos no art. 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.
- Os locais que non dispoñan da correspondente licenza urbanística
- Os locais que non dispoñan da correspondente licenza para uso do espazo público destinado a terraza estando regulado ese uso por ordenanza municipal.

### **5. Órgano Competente para a Instrución e Resolución**

O órgano competente para a instrución do expediente é o que se indique na convocatoria conforme ao artigo 21 da Lei 9/2007, de 2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; neste caso, o Presidente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

O órgano competente para resolver será o Pleno do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

### **6. Documentación e Prazo de Presentación de Solicitudes**

As solicitudes dos interesados acompañarán os documentos e informacións determinados na norma ou convocatoria, salvo que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da administración actuante; neste caso o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f do artigo 35 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir ao solicitante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado levará consigo a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, cando así se prevea nas bases reguladoras.

No entanto, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado en ANEXO, dispoñible nas oficinas administrativas do Consorcio de Turismo de Ribeira Sacra (Casa do Concello, Luintra nº 3 - 32160 Nogueira de Ramuín - OURENSE) en horario de 9 a 15 horas de luns a venres ou poden solicitalo a través do enderezo electrónico [axudas.turismo@ribeirasacra.org](mailto:axudas.turismo@ribeirasacra.org) ou descargalo da páxina web [www.ribeirasacra.org/turismo](http://www.ribeirasacra.org/turismo), no apartado "Axudas".

Presentaranse cumprimentadas en todos os seus termos.

A solicitude acompañarase de orixinal e copia para compulsar ou copia compulsada de:

- CIF da empresa ou NIF se se trata de persoa física
- NIF do representante e poder

Nos seguintes casos de intervención:

#### **Investimentos en terrazas:**

1.- Memoria descritiva da actuación en relación ao entorno, utilidade e uso, significando se son de nova implantación, reposición ou ampliación sobre unas preexistentes.

Completarase cunha reportaxe fotográfica (dixital ou en papel) en cor, do estado actual, sobre o que se pretende actuar, puidendo adxuntar igualmente un plano a escala de planta, co detalle da intervención plantexada.

2.- Orzamento desglosado por partidas no que figuren unidades, prezo e as características de forma clara e detallada (no caso de equipamento, acompañarase detalle gráfico pu no seu defecto ficha técnica facilitada polo provedor con fotografía).

O orzamento presentarase asinado e selado polo provedor con mención ao prazo de validez da oferta y prazos de suministro.

3.- Orzamento polos gastos complementarios asociados á actuación e valoración das taxas que constitúan un gasto non recuperable.

O Consorcio de Turismo poderá verificar co Concello que o local estea habilitado para o desenvolvemento da actividade, así como comprobar se na última tempada obtivo licenza para a instalación da terraza conforme a normativa municipal vixente (de ser o caso).

O prazo máximo de presentación de solicitudes será o 15 de novembro de 2015.

### **7. Prazo de Resolución e Notificación**

As solicitudes de axuda resolverase nunha única fase, logo de finalizar o prazo de presentación das mesmas.

O prazo de resolución e notificación será de 15 días naturais a contar dende o día seguinte no que finaliza o prazo de presentación.

O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención, tal e como establece o

apartado 5 do artigo 23 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

### **8. Valoración e resolución de solicitudes**

Unha comisión técnica formada por...

- Presidente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra
- Secretaria-Interventora do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra
- Xerente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra
- Arquitecto Técnico dun dos Concellos do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra

comprobará o cumprimento dos requisitos expresados nestas bases e realizará unha relación delas se fose necesario por falla de crédito para atender todas as solicitudes.

A relación das solicitudes serán por orde de rexistro de entrada.

Se tivese que desestimar solicitudes por falla de crédito, incluíranse nunha resolución determinando que cumpren todos os requisitos ordenándose segundo a relación, e, se existise a renuncia dalgunha, pode acordarse a concesión á seguinte.

Si por falla de crédito, unha das solicitudes só se puidese atender nunha parte, deberá xustificarse a subvención axustada á baixa.

As solicitudes presentadas en tempo e forma e non resoltas expresamente dentro dos 6 meses seguintes á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, entenderanse denegadas.

### **9. Reformulación das Solicitudes**

Cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades a desenvolver polo solicitante e o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, poderase instar do beneficiario a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable.

Unha vez que a solicitude mereza, se fose o caso, a conformidade da comisión de valoración, remitírase o actuado ao órgano competente para que dite a resolución.

En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, condicións e finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos respecto das solicitudes ou peticións.

### **10. Xustificación e pagamento da axuda**

Para a xustificación da axuda, antes do 10 de decembro de 2015, a empresa beneficiaria acompañará unha memoria coa relación valorada de elementos e traballos realizados.

Non se admitirán pagamentos que non se realicen por transacción bancaria. Achegaranse copias compulsadas ou orixinais dos xustificantes emitidos polas entidades bancarias.

A memoria acompañarase de :

Fotografías en soporte dixital e papel (en cor) nas que se comprobe que a actuación foi realizada e que se cumpriron as medidas de publicidade.

Declaración responsable de outras axudas concedidas ou solicitudes presentadas para o mesmo fin.

As facturas orixinais devolveranse estampilladas con indicación do importe subvencionado en cada gasto.

O Consorcio comprobará que a empresa/local ten vixentes as licenzas de explotación.

Se o gasto ou o pagamento xustificado fose menor ao investimento previsto na solicitude de axuda, axustarase á baixa da mesma na proporción na que se reduce o investimento real ou o pagamento.

Perderase o dereito ao cobro da axuda se non se obteñen as licenzas de explotación das terrazas e se non se cumpren as condicións que se determinan nestas bases.

### **11.- Compatibilidade, Seguemento e Control das axudas concedidas**

Esta liña de axudas é compatible con outras axudas da mesma natureza sempre que a suma dos importes concedidos non sobrepasen os límites marcados pola lexislación comunitaria.

As empresas beneficiarias deben cumprir todas as obrigas que se establezan para os beneficiarios do art.14 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

### **12. Fin da Vía Administrativa**

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o *presidente* deste Consorcio, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo.

**13. Criterios de Valoración de Solicitudes.**

Os criterios para a asignación das subvencións serán os seguintes:

1. Estar dentro da área definida polo Concello como punto de afluencia turística
2. Data de presentación da solicitude
3. Maior gasto por parte do beneficiario
4. Integración da intervención co entorno
5. Maior porcentaxe de axuda destinado á adquisición de cadeiras mesas e sombrillas.

**14.-Publicidade da axuda**

Esta subvención publicaranse nos taboleiros de edictos dos vinteún concellos do Consorcio de Turismo e no Diario Oficial de Galicia.

A empresa beneficiaria realizará as seguintes medidas de publicidade:

Colocarase un cartel visible na fachada do establecemento de 20 centímetros por 20 centímetros alusivo ao financiamento das instalacións:

Investimento:\_\_\_\_\_

Importe: \_\_\_\_\_€

Subencionado por:\_\_\_\_\_

Este cartel permanecerá visible durante 5 anos a contar dende a data de aceptación da xustificación do investimento.

En Sober, 10 de setembro de 2015.- PRESIDENTE DO CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA, Luis Fernández Guitián

**MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**

<b>SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN</b>				
<b>1. DATOS PERSOAIS</b>				
Nome e Apelidos		DNI/CIF		
Domicilio				
Localidade		Provincia		CP
Teléfono		Móbil		Fax
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
<b>2. DATOS RELEVANTES</b>				
Empresa				
Domicilio				
Localidade		Provincia		CP
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
<b>3. DATOS DA SUBVENCIÓN</b>				
BASES DA SUBVENCIÓN		BOP N.º E DATA		
CONVOCATORIA		BOP N.º E DATA		
IMPORTE SOLICITADO:		EUROS		
FINALIDADE DA SUBVENCIÓN:				